

PROGRAMA DE MELLORA DE EMPREGABILIDADE NOS CENTROS (PMEC) CURSO ACADÉMICO

2021-2022



O alumnado que complete a participación (como mínimo nunha porcentaxe do 80%) nos tres módulos do PMEC terá dereito a solicitar 1 crédito ECTS.

Os obxectivos, contidos, modalidade e inscrición de cada un dos módulos explícanse nos apartados correspondentes nesta páxina.

MÓDULO 3

"EXPERIENCIAS E CASOS PRÁCTICOS DE INSERCIÓN LABORAL"

Duración: 4 h (de 9:55 a 14:00h)

Día: 9 de xuño de 2022

Modalidade: En liña (Teams)

Inscrición: (até o día 7 de xuño ás 23:59 h)

<https://forms.office.com/r/T4L2xXBLBK>

Contidos

- **Atoparás respostas a moitas preguntas sobre os procesos de selección actuais (ámbito privado e público) a través de persoas expertas en Recursos Humanos e de experiencias directas de persoas graduadas na UDC:**
 - Novos sistemas de preselección baseados na Intelixencia Artificial e estratexias para elaborar o currículum para superar os seus filtros.
 - Un emprego de calidade: Como son os novos mecanismos de acceso ao emprego público en institucións da UE,
 - Voluntariado e bolsas en canto que posibilitan oportunidades laborais.
 - Necesidade de optimizar a canle de LinkedIn.
 - Importancia das competencias transversais nun contexto no que os empregos están suxeitos a continua e acelerada evolución.
 - As claves para enfrontarse a unha 1ª entrevista de traballo ou prácticas e tipos de entrevistas na actualidade: entrevista de gamificación, en liña, entrevistas individuais e grupais,...
 - Recomendacións dunha persoa experta recrutadora dun coñecido portal de emprego.

- Principais portais de emprego.
- Como postularse a posibles empregos non publicados a través dos medios habituais (a autocandidatura).
- **Persoas mozas graduadas universitarias e emprendedoras: Unha nova xeración que contará as súas experiencias no proceso de creación de empresas, como xurdiron as ideas de negocio, forma xurídica, modelos, obstáculos, expectativas, retos e superación.**

MÓDULO 1

SEMINARIO DE EMPRENDEMENTO

"SEMINARIO DE FOMENTO DA CULTURA EMPRENDEDORA"

Duración: 3 h

Ten como obxectivo difundir como se xeran as ideas empresariais e poder romper os mitos sobre a figura do emprendedor/a, amosando que calquera persoa con gañas e esforzo, pode converter a súa idea nun proxecto empresarial. O contido formativo versará sobre a explicación da figura do emprendedor/a, a idea de negocio e a posta en marcha. Este formación teórica complementarase cunha dinámica sobre a metodoloxía de xeración de modelos de negocio – Canvas.

Este seminario poderá realizarse **online (a través do TEAMS da UDC) ou presencial**, dependendo da situación derivada da crise sanitaria. Cada seminario estará dirixido ao alumnado de cada centro (facultade ou escola universitaria) ou ao alumnado de distintos centros segundo o programa consensuado con eles e, na medida que se vaian concretando as datas e modalidade (*online* ou presencial), publicaranse de forma sucesiva no seguinte apartado.

SEMINARIOS DE EMPRENDEMENTO

- Facultade de informática. (En liña por Teams). Xoves, 28 de outubro de 2021, de 10:30h. a 13:30h.
- Escola de Relacións Laborais Coruña (Presencial). Martes, 23 novembro de 11:00 a 14:00h.
- Facultade de CC. da Educación. (En liña por Teams). Venres, 26 de novembro de 11:00 a 14:00h
- Escola de Fisioterapia. (En liña por Teams). Mércores, 26 de xaneiro de 2022 de 10:00 a 13:00h.
- Escola Politécnica de Enxeñería de Ferrol. (Presencial) Edificio Serantes, aula 13. Luns 8 de novembro de 2021 de 11:00 a 14:00h
- Escola Politécnica de Enxeñería de Ferrol. (Presencial) Edificio Esteiro, aula 25. Venres, 12 de novembro de 2021 de 11:00 a 14:00h.
- Facultade de Humanidades e Documentación (Presencial). Aula 2.2. Martes, 16 de novembro de 2021 de 11:00 a 14:00h
- Escola Universitaria de Deseño Industrial. (Presencial). Aula Creación 2ª planta. Mércores, 17 de novembro de 2021 de 9:00 a 12:00h.
- Facultade CC. Traballo (Presencial) (Aula 4 planta baixa). Xoves 18 de novembro de 2021 de 11:00 a 14:00h.

- Facultade de Ciencias (En liña por Teams). Venres, 10 de decembro de 2021 de 9:00 a 12:00h.
- Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas. (Presencial). Salón de Actos. Venres, 3 de decembro de 2021 de 9:00 a 12:00h.

Inscripcións: [Aquí](#)

MÓDULO 2

SEMINARIO ORIENTACIÓN LABORAL

"PROBAS DE SELECCIÓN DAS EMPRESAS E RECURSOS PARA A BUSCA DE EMPREGO E PRÁCTICAS"

Duración: 3 h

Obxectivo xeral: desenvolver as competencias básicas necesarias para afrontar os procesos de selección de persoal utilizados polas empresas na avaliación das persoas candidatas ás ofertas de emprego ou de prácticas.

Os obxectivos específicos:

- Aprender a elaborar o CV adaptándoo a cada oferta de prácticas ou emprego, saber seleccionar e potenciar os datos máis salientables e a elixir formatos e soportes máis adecuados segundo a empresa e posto.
- Familiarizarse coa proba da entrevista e os seus tipos, coñecer as preguntas habituais, aquelas máis novidosas e aprender a identificar as competencias que avalía.
- Coñecer os recursos básicos para a procura de prácticas e emprego (portais xeralistas e específicos de emprego e prácticas, a Rede EURES, programas de prácticas para estudantes e persoas recentemente egresadas, preparar a autocandidatura espontánea e reflexionar sobre a estratexia dixital para preparar a candidatura, os contactos e as redes sociais profesionais, etc.).

SEMINARIOS DE ORIENTACIÓN LABORAL PROGRAMADOS 2022

- Facultade de Fisioterapia, día 27-01-2022, de 10:00 a 13:00h (en liña por Teams).
- Facultade de Ciencias da Comunicación, día 02-02-2022, de 10:00 a 13:00h (presencial).
- Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, día 17-02-2022, de 12:45 a 14:45 h (presencial).
- Facultade de Dereito, día 25-11-2021, de 10:00 a 13:00 h, Salón de Graos (presencial).
- ERLAC-Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña, día 30-11-2021, de 15:30 a 18:30 h.
- Grao en Xestión Industrial da Moda, Facultade de Humanidades, día 2-12-2021, de 10:00 a 13:00 h.
- Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos (ETSECCP), día 17-02-2022, de 12:45 a 14:45 h, Sala de Graos 2.
- Facultade de Informática (FIC), día 8-03-2022, de 11:30 a 14:30 h, Aula 2.2
- Facultade de Ciencias, día 31-03-2022, de 12:00 a 14:00 h, Aula 9

Inscripcións: [Aquí](#)